



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

ACTA

ÓRGANO COLEXIADO	PLENO	
TIPO DE SESIÓN	EXTRAORDINARIA	
LUGAR	SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE BOIMORTO	
DATA	12.02.2021	
HORARIO INICIO	20:30 H.	
HORA FINALIZACIÓN	21:02 H	
ASISTENTES		
PP	CONCELLEIROS ELECTOS	DNI
	Dna. María Jesús Novo Gómez	44814623C
	Dna. Patricia Taboada García	47374521H
	D. Manuel José Nieto Sesar	79332926S
	D. Jesús José Fernández García	45908046T
	Dna. Fátima Espiño Lojo	49206076Z
PSOE	D. Javier Costoya Souto	79329690E
	Dna. Sandra Sánchez Iñiguez	79336069F
	Dna. Ana Ledo Fernández	36150633S
BNG	D. José Antonio Somoza Enjamio	22746836C
	D. José Luís Rivas Cruz	33804443D
	Dna. Ana María Aguión Sandá	78793953R
AUSENTES		
----	-----	-----
----	-----	-----
SECRETARIO: D. Jorge Boado Fernández		
ORDE DO DÍA		
UNICO. REPROBACIÓN POR PARTE DO PLENO DA CORPORACIÓN, DA ALCALDESA DONA MARIA JESUS NOVO, E A EXIXENCIA DA SÚA INMEDIATA DIMISIÓN.		

No Salón de plenos da Casa do Concello de Boimorto, sendo a hora e data indicada, reúnense, previamente convocados ao efecto, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 26.05.2019.

Acto seguido dáse comezo a sesión e procédese ao tratamento dos puntos da orde do día:

UNICO. REPROBACIÓN POR PARTE DO PLENO DA CORPORACIÓN, DA ALCALDESA DONA MARIA JESUS NOVO, E A EXIXENCIA DA SÚA INMEDIATA DIMISIÓN.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura da proposta de acordo que se achega a presente acta como ANEXO I.

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión. A Alcaldía - Presidencia cede a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG.

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz toma a palabra e manifesta que a lectura da proposta de acuerdo lle correspondía a un dos propoñentes en aplicación do artigo 28 do ROM, de todos os xeitos continúa manifestando que o comportamento irregular da Alcadesa nuns tempos como os actuais tan complexos é moi reprochable. O seu uso





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

irregular dun privilexio do seu cargo impropio dunha servidora pública sen cumplir os requisitos e pasando por riba doutra xente é dunha actitude claramente caciquil.

No momento que salta a prensa a noticia, as informacións facilitadas pola Alcaldesa son contraditorias...estaba na lista e logo non estaba, a vacina íana tirar o lixo... en fin... denotan que estaba claramente mentindo. Pero o grave non é iso, o grave e que hai traballadoras como as do Servizo de axuda a domicilio, traballadoras que están frecuentemente en contacto con persoas de alto risco, sen vacinar e a señora alcaldesa xa a ten.

Moita improvisación por parte do partido popular,falta de ética política e o Concello de Boimorto unha vez más nos medios públicos dando que falar, xa pasou coa moción de censura fai uns anos, moi exemplificante destas prácticas caciquis con cuestións pouca claras e limpas...

Durante o estado de alarma non houbo moita información por parte do equipo de goberno a pesar da actitude colaborativa do grupo do BNG. Incluso a señora Alcaldesa durante o mesmo fixo numerosas visitas a veciños do concello nas súas casas conciuntamente co departamento de servizos sociais do mesmo, descoñecemos cal era a súa función e para que se facían esas visitas e se un alcalde debe de facelas. Polo tanto, son 11 meses de prácticas caciquis a conto da pandemia.

Incluso a actitude nada clara do presidente da Xunta respecto desta cuestión das vacinas irregulares tanto na prensa como no parlamento cando foi preguntado dando unha visión ambigua e xenérica... en fin... Entendemos que esta actuación da señora alcaldesa é reprochable e por iso pedimos a súa inmediata dimisión.

Acto seguido, toma a palabra a concelleira Dona Sandra Sánchez Iñiguez e manifesta que lamentamos estar hoxe aquí polo caso desta vacina irregular da señora Alcaldesa, ao noso parecer son uns gravísimos feitos e os veciños de Boimorto precisan dunha explicación.

Vostede recentemente renunciou as súas siglas do Partido Popular, para así evitar polémica, pero sen embargo sigue no grupo municipal popular. Vostede defende a súa tesis de que é a xefa de persoal de todos os traballadores da residencia polo tanto considerarse traballadora da residencial e en consecuencia procede que sexa vacinada, por iso aparecía na lista de vacinación elaborada polo Sergas, pero o que non dí é que esa lista foi elaborada no concello, concretamente pola dirección do centro fai uns meses.

Vostede é un simple cargo representativo e realmente a directora da residencia quen exerce na práctica as funcións de dirección e xefatura no centro, incluído como é lóxico a xefatura sobre o persoal. Polo tanto a súa incidencia e presencia no centro non é necesario... ¿Cal era o motivo para que unha alcaldesa acudira durante a pandemia a residencia?

Recentemente tivemos acceso aos rexistros de acceso de entrada e saída do centro durante os últimos meses e vostede non figura, o cal, motiva máis se cabe o que estamos expoñendo ou acaso cando acudía ao centro non se rexistraba a súa entrada e saída, o cal sería aínda máis grave.

Vostede non é persoal prioritario de vacinación e a súa presencia na residencia non esta xustificado, posto que para exercer a súa labor de alcaldía non precisa da vacina nin acudir ao citado centro.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concelloboimorto.es

Cando saltou a noticia, houbo moitas declaracions contraditorias por parte do partido popular, despois apertourouse un expediente disciplinario por parte do seu partido, despois deuse de baixa do mesmo para que non se crease polémica nin en Boimorto nin na Xunta... en fin... ¿E vos? ¿Que pensades como membros do grupo municipal do partido popular? ¿Pensades que é un modelo de exemplaridade a actitude da señora alcaldesa? ¿Non vos replanteadeis nada? ¿Pedir a dimisión é desproporcionado?

Acto seguido, por alusións, toma a palabra a Alcaldía - Presidencia e manifesta: Que en primeiro lugar boas tardes a todos e a todas, pídenme explicacións e dareinas. En primeiro lugar indicar que o Concello de Boimorto ten unha residencia de xestión directa e non é un ente independente como algúns queren facer ver. O persoal desa residencia, o seu mantemento, o traballo administrativo depende directamente do concello e eu son a responsable última da xestión e dirección dese centro, tal e como se accredita no RUEPS.

O artigo 21 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, indica que a Alcaldía correspóndele unha serie de atribucións entre as que se atopa a xefatura de todo o persoal do Concello e a dirección, inspección e impulso de todos os servizos e obras do concello.

Antes do Covid, eu visitaba todos os días a residencia para escutar melloras e escutar de primeira man as necesidades dos usuarios, falar coas familias... As visitas as facía en días laborais e fins de semana, para ver como estaban, controlar a calidade do servizo en exercicio da miña citada atribución de dirección, inspección e impulso... eran constantes as miñas visitas e así será no futuro.

Ata a chegada do Covid, todo funcionaba perfectamente, pero coa chegada da pandemia todo mudou e o concello comezou a tomar medidas, 3 días antes da declaración do estado de alarma xa se adoptaron medidas preventivas coa finalidade de protexer e blindar a residencia e aos seus usuarios e ao seu persoal.

Coa declaración do Estado de alarma a Xunta aproba un protocolo de actuación para este tipo de centros con medidas para os usuarios, proveedores, familiares, traballadores... A partir dese momento o único obxectivo era protexer aos usuarios e traballadores. Obviamente as miñas visitas foron cortadas e a Residencia e o Servizo de Axuda no fogar foi a miña gran preocupación neste último ano.

Se ben é certo que nuns primeiros momentos non tiñamos o material suficiente e necesario para fazer fronte a pandemia fixose o que se puido e non só iso, durante o confinamento fixemos moitas actuacións para os veciños xa que este último ano foron tempos difíciles para os mesmos.

Non pretendo facer política desta pandemia por iso non hai fotos deste traballo durante este último ano, pero podo dar fé de que se traballou moiito e ben.

Respecto da vacina, aclarar, que eu viña no censo como responsable do centro tal e como indica o RUEPS, que é un rexistro público e oficial, consta o meu nome e o meu posto. De feito este listado se confeccionou hai meses, dado que xa se utilizou para os cribados, eu xa estaba nesa lista e esa foi a lista que se empregou para as vacinas.

Non enganen máis aos veciños, non houbo intencionalidade pola miña parte nin usei ningún privilexio. Incluso me consta que algún concelleiro da oposición en privado me entende e incluso algún alcalde de concellos limítrofes tamén... e non son do partido popular...





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Aceptei a vacina en aras de salvagardar aos residentes non houbo interese particular e propio. Foi a miña gran preocupación neste último ano, repito. O seu benestar é unha das miñas obrigas como alcaldesa.

Durante toda a pandemia, tivemos cero casos de COVID, agradézollo inmensamente aos traballadores. A política rastreira non vai manchar este bo facer.

Estas son todas as miñas explicacións. Eu estou hoxe aquí polos residentes e os veciños de Boimorto.

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz toma de novo a palabra e manifesta que os cero casos son o resultado das súas visitas ¿non? ¿Áinda non explicou quen elaborou a lista? ¿Fíxose dende o concello?

A oposición estivo colaborando en todo momento durante o estado de alarma de feito eu chameina para manifestarilo expresamente, entón non diga que iso non foi así.

Repartiron polas casas durante a pandemia... o seu cometido é a xestión non executar esas medidas, só en servizos sociais se presta a ilo... non executa vostede as obras municipais nin tampouco recolle vostede directamente o lixo ¿verdade que non?

¿O xefe de persoal do Sergas esta vacinado? ¿Vostede asinou a conformidade da vacina?

En fin... ¿quere burlarse da democracia ou por unha vez quere ser consecuente e dimitir?

Acto seguido, toma a palabra de novo a concelleira Dona Sandra Sánchez Iñiguez e manifesta que esta de acordo co que acaba de expoñer o Concelleiro do BNG, o noso grupo tamén se prestou durante toda a pandemia a colaborar. A corrupción moral e o simple feito de xustificar este acto é tremendo, ¿acaso a culpa da vacinación da alcaldesa é de alguien más distinto da su vontade?

¡Os membros do grupo municipal do partido popular non sexades cómplices da actuación da alcaldesa, non validedes o seu acto!

Finalmente, por alusións, toma a palabra a Alcaldía - Presidencia e manifesta que se reitera en todo o xa exposto, os veciños de Boimorto saberán valorar as explicacións realizadas.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:

- **A FAVOR: (5)**
 - Dna. Sandra Sánchez Iñiguez; D. José Antonio Somoza Enjamio e Dna. Ana Ledo Fernández(3 - PSOE)
 - D. José Luís Rivas Cruz e Dna. Ana María Aguión Sandá (2-BNG)
- **ABSTENCIÓN: (0)**
- **EN CONTRA: (6)**
 - D. María Jesús Novo Gómez; Dª Patricia Taboada García; D. Jesús José Fernández García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Javier Costoya Souto (6 - PP)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

En consecuencia, o acordo non prospera por non acadar a maioría requirida.

E non habendo más asuntos que tratar, de orde da Alcaldía - Presidencia, levántase a sesión, a data e hora indicada no encabezado da presente acta, da que se estende a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Boimorto, 12.02.2021.

A alcadesa,

Asdo.- María Jesus Novo Gómez



CONCELLO DE BOIMORTO

O Secretario,

O Secretario,

Asdo.- Jorge Boado Fernández

Asdo.: Jorge Boado Fernández
Núm. 44811721/35/A/3015

ANEXO I

Concello de Boimorto

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Número de registro de entrada/Número de rexistro de entrada: 202100000000088

Fecha y hora/Data e hora: 2 de febrero de 2021 14:02

Órgano origen/Órgano orixe:

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF:	78793953R	Código postal/	15817
	AGUION SANDA, ANA MARIA	Código postal:	
		País/País:	España
		Teléfono/	
		Teléfono:	
Dirección/	RUA GANDARA 63	Municipio/	Boimorto
Endereço:		Concello:	
		Provincia/	A Coruña
		Provincia:	
Correo electrónico/Enderezo electrónico:	ANAAGUION@HOTMAIL.ES		

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF:	79336069F	Código postal/	15817
	SANCHEZ IÑIGUEZ, SANDRA	Código postal:	
		País/País:	España
		Teléfono/	
		Teléfono:	
Dirección/	PRAZA GANDARA 6 PBJ	Municipio/	Boimorto
Endereço:		Concello:	
		Provincia/	A Coruña
		Provincia:	
Correo electrónico/Enderezo electrónico:			

Correto electrónico/Enderezo electrónico:



Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./ Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.

Concello de Boimorto

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Interesado/Interesado


NIF/NIE/CIF:	22746836C	Código postal/	15816
	SOMOZA ENJAMIO, JOSE ANTONIO	Código postal:	
		País/País:	
		Teléfono/	
		Teléfono:	
Dirección/	CORREDOIRAS 3, CORREDOIRAS - ANXELES	Municipio/	
Enderezo:	(SANTA MARIA) - BO, CORUÑA(A) - ESPAÑA	Concello:	
		Provincia/	
		Provincia:	

Correo electrónico/Endereço electrónico:

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF:	33804443D	Código postal/	15817
	RIVAS CRUZ, XOSE LUIS	Código postal:	
		País/País:	España
		Teléfono/	
		Teléfono:	
Dirección/	LG. NOGAREDO Nº 19 - BRATES	Municipio/	Boimorto
Enderezo:		Concello:	
		Provincia/	A Coruña
		Provincia:	

Correo electrónico/Endereço electrónico:



Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./ Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.

Concello de Boimorto

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF:	36150633S	Código postal/	15816
	LEDO FERNANDEZ, ANA	Código postal:	
		País/País:	España
		Teléfono/	
		Teléfono:	
Dirección/	LG. RIVADISO DA FRAGA 2 - DORMEA	Municipio/	Boimorto
Enderezo:		Concello:	
		Provincia/	A Coruña
		Provincia:	

Correo electrónico/Endereço electrónico:

Información del registro/Información do rexistro

Asunto/	CORRESPONDENCIA OFICIAL
Asunto:	
Resumen/	SOLICITUDE DE REPROBACION POR PARTE DE PLENO DA CORPORACION DA ALCALDESA E ESIXENCIA DA
Resumo:	SUA INMEDIATA DIMISIÓN

Documentos anexos/Documentos anexos

Nombre/Nome

Justificante20210202-141001.pdf

88.pdf

CVD: 10220221000001258412 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./ Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.

Ó abeiro da Lei 7/1985 de Reguladora das Bases do Réxime Local e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, as persoas abaixo asinantes e concelleiras no Concello de Boimorto, e dadas as circunstancias derivadas da vacinación por parte da Alcaldesa do noso concello, dona María Jesús Novo, sen ser unha das perscas dos grupos declarados prioritarios polas autoridades sanitarias, solicitamos a convocatoria dun Pleno Extraordinario para tratar este tema como único punto da orde do día, e coa seguinte proposta de resolución:

1.- Reprobación por parte do Pleno da Corporación, da Alcaldesa dona María Jesús Novo, e a exixencia da súa inmediata dimisión.


Boimorto, a 2 de febreiro de 2021

Sandra Sánchez Iñiguez

Ana Ledo Fernández

José Antonio Somoza Enjamio

Xosé Luis Rivas Cruz



Ana María Aguión Sandá



